



## Concello de Guitiriz

### DECRETO APROBACION DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE 7 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PÚBLICO TEMPORAL 2019-2020.

En Xunta de Goberno Local celebrada o 07/11/2018 aprobáronse as "Bases para a selección de 7 auxiliares de axuda no fogar como persoal temporal (contrato de interinidade) e creación dunha bolsa de emprego temporal cunha duración de dous anos 2019-2020", mediante o sistema de concurso-oposición.

Aprobouse a convocatoria do proceso selectivo de acordo co establecido nas bases mediante a publicación dos correspondentes anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro municipal de anuncios, na páxina web do Concello de Guitiriz e na sede electrónica do Concello de Guitiriz, para que no prazo de dez días hábiles dende que se publique no citado boletín oficial os interesados poidan presentar instancias.

Vistas as instancias presentadas para participar no proceso selectivo.

Considerando o disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; no Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; na Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; na Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia; no Texto refundido do Estatuto dos Traballadores; e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.

#### RESOLVO:

PRIMEIRO.- De conformidade coa base 5.1. das bases da convocatoria apróbese a seguinte lista provisional de admitidos e excluídos para o proceso selectivo do expediente de selección de 7 auxiliares de axuda no fogar e creación dunha bolsa de emprego público temporal 2019-2020:

#### Aspirantes admitidos:

APELIDOS E NOME
Corral Paz, Julia
Deibe Varela, Ana María
García Miragaya, María de la Luz
Iglesias Gómez, Piedad
García López, María Soledad


Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

Regina Polín Rodríguez (1 de 2)  
Alcalde de Guitiriz  
Data Fim: 07/12/2018  
HASH: e04c533f225543c6e671eb00ca5555a9

Rafael José del Barrio Berbel (2 para 2)  
Secretario S.  
Data Fim: 12/12/2018  
HASH: ce0f1b5c6e302e9ce9f0a7dbdb30010

DECRETO  
Número: 2018-0977 Fecha: 12/12/2018



Cod. Validación: ZL4WZ7ZVWZ2RJRSFK5C2C99PWJ | Verificación: <http://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páxina 1 de 2



## Concello de Guitiriz

Prieto Rivera, Sandra María
Oya Vidal, Susana

### Aspirantes excluidos:

APELIDOS E NOME	TITULO	CARNE DE CONducir B
Baamonde Iglesias, Isabel	X	
Freire Caamaño, Tania	X	
Santos Perez, Maria Fe		X

SEGUNDO.- De conformidade coa base 5.2. das bases da convocatoria, durante o prazo máximo de **5 días hábiles**, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os interesados poderán corrixir os defectos a que alude no referido artigo, e formular reclamacións ás listas provisionais. De non presentar solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos e na páxina web e na sede electrónica ([guitiriz.sedelectronica.gal](http://guitiriz.sedelectronica.gal)) municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

O secretario

Regina Polín Rodríguez

Rafael J. del Barrio Berbel

DECRETO

Número: 2018-0977 Fecha: 12/12/2018



Cód. Validación: ZL4M27Z2WZ2RJR5FK5C2C99PW | Verificación: <http://guitiriz.sedelectronica.gal>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 2 de 2

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz, 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178